

CONSULTAS FORMULADAS PEL REACTIVA 2020

* Na forma xurídica o máximo de puntos son 8. Tiñan un erro.

1.- Cando as empresas teñan que xustificar coas facturas e os xustificantes de pago, débense esixir pagos mediante transferencias bancarias? Poden ser **pagos en efectivo con recibo**? Podemos seguir o criterio de Facenda para o límite de pagos en efectivo?

O pagamento dos gastos subvencionables, deberá acreditarse de conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións do concello, se estivese aprobada. No caso de que non o estivese, rexe a Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña. (Base 16ª Normativa aplicable)

A Ordenanza da Deputación

Artigo 24. O pagamento dos gastos subvencionables.

*1. A persoa beneficiaria deberá pagar os provedores de bens e servizos, así como as persoas traballadoras, nos prazos establecidos legal ou regulamentariamente e. en todo caso, no prazo máximo dun mes desde que teña cobrado o importe da subvención concedida.
2. O cumprimento desta obriga, que se comprobará de ser o caso nun procedemento de control financeiro posterior, deberá quedar acreditado mediante transferencia bancaria. cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante (perceptora da subvención) e a persoa beneficiaria (provedora do ben ou servizo); non obstante, para os pagamentos de gasto que non excedan de 150 euros abondará co recibo do perceptor inserido no propio documento de gasto.*

2.- No caso das **Sociedades Cívís**, só se admiten as que estean constituídas mediante documento notarial?

Quedan excluídas as Sociedades Cívís sen personalidade xurídica propia (Base 4.2.C) Exclusionés), polo tanto para poder solicitar as axudas, deberán acreditar estar dotadas de personalidade xurídica propia, circunstancia que ha de acreditarse mediante a correspondente constitución en escritura pública e inscrita no Rexistro Mercantil.

3.- Hai autónomos que teñen centros de traballo en varios concellos. Que criterio se debe seguir? Poden pedir en cada concello? De non ser así, como se fai o control? Séguese o criterio do **domicilio fiscal**?

Enténdese como domicilio fiscal do/a solicitante o que consta como tal no Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria, polo tanto, a solicitude ha de realizarse no concello no que figure o domicilio fiscal.

3.1 Cantas solicitudes pode presentar un autónomo?

Por outra banda, conforme a **base 14.3. obligaciones de los beneficiarios de las ayudas**, los solicitantes se comprometen a no presentar máis de una solicitude por entidade ou persoa física (autónomo/a). En el caso de que el solicitante sea persoa física, declaración de que no forma parte de una sociedade que haya solicitado outra subvención en la presente convocatoria.

En definitiva, sólo puede admitirse una sola solicitude por persoa física o por persoa xurídica (en

este último caso, de ser sociedades civiles deberá acreditarse su personalidad jurídica). Si como indicas en tu correo existe un cif a nombre de la sociedad, es esta la que debe solicitar la ayuda y no ambos socios por separado. No obstante, al no conocer el supuesto concreto en extenso esta aclaración es meramente orientativa.

4.- O “emprego da lingua galega”

A este respecto, na Base 6ª só especifica como aspectos que se han valorar, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda, deixando a xuízo dos concellos a concreción neste senso, que en todo caso, ha de realizarse tendo en conta a vixente norma va ortográfica e morfolóxica do idioma galego aprobada pola Real Academia Galega no ano 2003 e a disposición adicional da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. En definitiva, poderán valorarse neste marco, todos aqueles aspectos que supoñan unha acción positiva a favor da lingua galega por parte dos solicitantes das axudas e que coa escolha lingüística contribúan a demostrar que o galego serve para comunicarse, máis tamén para transmitir valores como o de calidade, compromiso, seriedade e respecto pola diversidade social e cultural (p.ex: contratos de auga, luz e outras subministracións, en galego; facturación clientes e provedores en galego, contratos de arrendamento en galego; documentos e materiais en galego, así como toda presenza pública (rótulos, indicadores, publicidade de calquera tipo e en calquera medio, etc)

5.- Beneficiarios do Grupo I

*Serán considerados estrictamente como beneficiarios do Grupo I, aquelas solicitudes nas que a persoa solicitante poida **acreditar ter interrompida a súa acvidade ou actividades**, ao verse afectada polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xesón da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID- 19 e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.*

***No caso de non poder acreditar a dita circunstancia, pasarían ao Grupo II e terán a obriga de acreditar a redución da facturación** conforme ao establecido na Base 4.3 Os concellos para verificar tales circunstancias e considerar as solicitudes nun grupo ou noutro, poderán requirir a documentación aclaratoria que sexa precisa de entre a que se detalla no Anexo IX ou a maiores, aquela que lle resulte necesaria.*

6.- Para acreditar **REDUCCIÓN da facturación**

O solicitante deberá incluír na súa solicitude, ademais da documentación indicada para o Grupo I, algún dos documentos seguintes: copia do libro de rexistro de facturas, libro diario de gastos, libro de rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos, ou declaración de IVE, IRPF.

Os concellos poderán realizar todas a aquelas comprobacións que estimen oportunas no tocante ao cumprimento dos requisitos e das obrigas das persoas beneficiarias das axudas.

7. Na **declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas (Anexo IX)**

O/a solicitante baixo a súa responsabilidade, conforme ao significado legal de “declaración responsable”, expresamente disposto no artigo 69.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas (publicada no BOE núm. 236, do



02/10/2015), que reúne os requisitos para ser beneficiario/a das axudas PEL- REACTIVA e que pertence a algúns dos grupos de beneficiarios establecidos nas bases reguladoras, así como a cumprir coas obrigas dos/as beneficiarios/as da subvención.

8.- Situación Censal e Informe actualizado de Vida Laboral da Empresa

Na documentación a presentar na solicitude, o/a solicitante deberá achegar, ademáis do Certificado actualizado de Situación Censal da Axencia Tributaria, un Informe actualizado de Vida Laboral da Empresa, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores/as.

O dito informe pode obterse directamente da páxina web da TXSS e os/as interesados/as teñen a opción de sinalar o período de tempo que ha de plasmar o documento e que neste caso, tal e como se especifica nas bases reguladoras, obrigatoriamente ha de comprender dende o 1 de marzo de 2020 (Anexo IX) e ata a data máis próxima á data de presentación de solicitude, para que sexa o máis actualizado posible (Base 4.3)

Para maior aclaración e detalle a este respecto, os concellos, tal e como se establece no Anexo IX, poderán requirirle aos solicitantes, o/os contrato/s de traballo dos/as asalariado

9.- Límite superior de orzamento subvencionable. Si un autónomo ten de gastos 800 euros e non chega os 1500.- euros, daríanlle os 800 ou tería que acadar os 1500 euros de gastos?

En relación á súa consulta, aclaramos o seguinte:

Tal e como especifica a Base 13ª:

"No caso de que o importe dos gastos sexa inferior ao concedido, a achega municipal reducirase ata o importe efectivamente xustificado"

10.- Datos bancarios

Enviar certificación bancaria co número de conta

Información desde a Sede: Consensuamos con la gente del PEL que, para simplificar a los interesados la tarea de presentación, incluiríamos los datos que se necesitan de la Cuenta Bancaria (número de cuenta y titularidad) en la propia instancia de presentación.

11. Gastos subvencionables.

Tal e como establece o artigo 21 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, en relación aos gastos subvencionables:



"Só se considerarán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento que se tomou en consideración no acto de concesión da subvención ou que se detallou no convenio regulador, sempre que resultaran estrictamente necesarios para executar o proxecto ou actividade subvencionada e se teñan devindicado no prazo previsto na convocatoria ou convenio regulador"

Entran os gastos de teléfono?

Polo exposto e respostando á pregunta concreta que nos prantexa, na conta 628 da Base 7ª, únicamente son subvencionables os gastos directos relacionados na dita conta (auga, gas, combustibles e electricidade), entendendo por gasto directo, aqueles gastos directamente relacionados coa actividade económica/empresarial desenvolvida polo/a beneficiario/, dentro do período subvencionable.

12. Cómputo de traballadores a efectos de baremo

Só computan os traballadores por conta allea, os que figuran en situación de alta no Informe de Vida Laboral de Empresa na data de publicación da convocatoria.

13. Empresas unipersoais sen asalariados

Reciben tamén 5 puntos se non teñen asalariados ao igual que as persoas empresarias individuais.